



Memoria de actividades para o 2014

A Asociación Cultural e musical Solfa, un ano máis, presenta a programación para o ano 2014. A escaseza de apoios económicos por parte da administración, fará que as actividades precisen todo o apoio de socios e socias para executalas.

Xaneiro. Concerto do Sexteto Tempo Catro: “Os ollos que falan”

O venres 10 de xaneiro ás 20.30 horas no Salón Teatro de Santiago de Compostela, O Galo organizou, xunto coa Asociación Cultural e Musical Solfa e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, un concerto do Sexteto Tempo Catro que presentou o seu novo ‘Os ollos que falan’.

Os ollos que falan. Rosalía de Castro

Este disco é unha produción da AS-PG. Trátase da musicación que realizou o sexteto Tempo Catro de once poemas de Cantares Gallegos. O disco mostra unha Rosalía actual e viva, capaz de comunicar con nós a través de temas como a conciencia sobre Galiza e o seu estado, o amor e o desamor, o erotismo e a sexualidade, en clave nada convencionais, por certo. Todos estes temas, e moitos máis, abrollan nestes cantares agora feitos música con ritmos de valse ou de fado; de salsa ou de xota; de mazurca ou pasodobre

Febreiro. “Heicho cantar”.

O Coro de Solfa participou o pasado 5 de febreiro de 2014 no programa “Heicho cantar” da Televisión de Galicia coa interpretación de *“negra sombra”*

Febreiro. “Nunha presa de terra”.

A Biblioteca Concepción Arenal organizou a presentación do libro *“Nunha presa de terra”* do que é autor Paco Castro Alvaredo. **O acto foi o mércores, día 5 de febreiro, ás 20 h. no salón de actos da Facultade de Filosofía.**

A coral Solfa, quixo acompañar a Paco neste momento tal especial, interpretando dúas obras e desexarlle moitos éxitos é que disfrutemos cunha obra que se desenvolve nunha biblioteca, na que o seu protagonista queda pechado e comeza a recordar a súa vida, o seu pasado... Novela na que moitos e moitas verémonos identificas.

22 de febreiro. Día de Rosalía de Castro.

A Asociación Cultural e Musical Solfa colaborou coa Agrupación Cultural O Galo e coa Asociación de Escritor@s en Lingua Galega para ofrecer unha programación variada polo Día de Rosalía de Castro en Compostela.

O **sábado 22 de febreiro na Praza de Vigo** comezouse ás 11.00h. coa lectura de textos de Rosalía e ofrenda floral e seguidamente fíxose un Roteiro Rosaliano por Compostela guiado por Mercedes Espiño.

23 de febreiro. Panteón de Galegos/as Ilustres

Convidados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e coa colaboración da Asociación Cultural o Galo, ás 12:00 coa lectura pública de poemas de Rosalía de Castro e actuación da Coral Solfa fíxose unha homenaxe á ilustre Rosalía remando o acto cunha ofrenda floral.

28 de marzo. Luar.

O programa Luar convidou á banda de música de Solfa a actuar no programa de Luar.

11 de abril, venres, concerto coral e banda de música.

A coral e a banda de música de Solfa no centro sociocultural das Fontiñas darán un concerto para todos os veciños e veciñas do barrio.

23 Abril, mércores, concerto da coral no Colexio Público das Fontiñas.

Coincidindo co 20 aniversario da apertura do CEIP das Fontiñas a coral dará un concerto no Colexio.

27 de abril, domingo, Noia, concerto da Banda de música.

Festival de Bandas de Música que se celebrará en Noia.

30 de abril, mércores, feira do libro na Alameda de Santiago.

A Coral de Solfa participará cun concerto na semana do libro, na Alameda de Santiago.

3 de maio, sábado, actuación da Coral en Outes.

A asociación cultural Francisco Añón de Outes organiza un concerto no que convida a coral de Solfa.

30 de maio, venres, Colexio Público das Fontiñas.

Coincidindo co 20 aniversario da apertura do CEIP das Fontiñas a banda de música de Solfa dará un concerto no Colexio.

Maio. Ferrol.

Temos un convite feito pola Asociación cultural Medulio para dar un concerto na cidade de Ferrol para o mes de maio.

Xuño. Festa das Fontiñas.

Estase xestionando a participación nas festas do Barrio cun concerto da coral e a banda de Solfa

7 de xuño, sábado. Confraría Santo Antonio.

Encontro de Corais. Participa a coral de Solfa no encontro de corais.

20 de xuño, venres, Concerto no Salón Teatro.

Banda e coral de Solfa realizarán un concerto no Salón Teatro.

25 de Xuño. Concerto da escola de música de Solfa.

No Centro Sociocultural das Fontiñas. Actuacións dos alumn@s de Solfa

12 de xullo. Concerto no museo Manuel María, en Outeiro de Rei.

En colaboración coa Fundación Manuel María, Asociación cultural o Galo estase a xestionar un encontro de asociacións na casa museo de Manuel María en Outeiro de Rei, coa actuación da banda de música de Solfa e Coral. Comida campestre na Carballeira de Santa Isabel.

15 de novembro. VIII Certame Galego de bandas de música.

Un ano máis imos presentarnos ao Certame Galego de Bandas de música, no suposto de ser seleccionadas na súa participación haberá que programar diversos concertos.